



## INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA POLA QUE SE REGULA A TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE EXPEDIENTES DE GASTO NO EJERCICIO 2024

A instrución décimo primeira das Instrucións para regulamentar as operacións de peche do exercicio de 2023 en relación coa contabilización dos ingresos, gastos e pagamentos da Universidade da Coruña establece que a tramitación anticipada se aplicará unicamente aos expedientes seguintes:

- Convocatorias de axudas, bolsas ou subvención e procesos de selección de persoal laboral temporal
- Excepcionalmente, contratación administrativa por motivos xustificadas de oportunidade e urxencia.

Na tramitación anticipada de expedientes de gasto de contratación poderase chegar ata a adjudicación do contrato e a súa formalización correspondente e a súa eficacia quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente.

Na tramitación anticipada de expedientes de subvencións e outros gastos non contractuais poderase chegar, como máximo, ata o momento inmediatamente anterior ao da disposición ou compromiso do gasto.

RESOLVO:

### 1. Expedientes de gasto de TA

Os expedientes de gastos imputables aos capítulos II, IV, VI e VII do orzamento da UDC poderanse iniciar no exercicio inmediatamente anterior a aquel en que deba comezar a execución, sempre que as necesidades para satisfacer se poidan prever con anticipación e que exista crédito axeitado e suficiente no anteproxecto de orzamentos da UDC que corresponda ao exercicio en que se vai materializar o gasto. O anteproxecto de orzamentos será elaborado pola vicerreitoría con competencias en Economía.

Os expedientes anticipados de gastos e de carácter plurianual deberanse adecuar ao que dispoñen as Bases de execución do orzamento da UDC e ao artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLRFOG).

Código Seguro De Verificación	rph/6LKnOetRVuAuMOGkEg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Economía e Planificación Estratéxica - Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	31/10/2023 10:03:00
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/rph/6LKnOetRVuAuMOGkEg==">https://sede.udc.gal/services/validation/rph/6LKnOetRVuAuMOGkEg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





## 2. Inicio do expediente

O/a responsable de asuntos económicos (a partir de agora RAAEE) dirixiralle unha solicitude á vicerreitoría de Economía e Planificación estratéxica para obter un compromiso de existencia de crédito para os efectos da tramitación anticipada.

Na documentación de soporte que acompañe o expediente de gasto (resolución, acordo, convocatoria, anexo contrato menor previsto etc.) indicárase o importe que corresponda executar en cada exercicio.

A solicitude axustarase ao modelo do anexo desta instrución

## 3. Fiscalización

O RAAEE remitiralle a documentación do expediente, xunto co certificado asinado polo vicerreitor/a de Economía, ao Servizo de Control Interno ao enderezo [rdoc.intervencion@udc.gal](mailto:rdoc.intervencion@udc.gal), co/s número/s que corresponde/n a cada documento/s contable/s que haxa que revisar.

Se o Servizo de Control Interno autoriza a tramitación do expediente de gasto proposto, emitirá un informe favorable que lle remitirá ao RAAEE.

## 4. Devolución de expedientes de gasto polo Servizo de Control Interno

No caso de que o Servizo de Control Interno devolva expedientes de gasto sen fiscalizar, previamente **autorizados pola vicerreitoría con competencias en Economía**, para continuar coa tramitación do expediente, remitírselle á Xerencia o expediente completo para a súa contabilización, se proceder, ao enderezo [secretaria.xerencia@udc.gal](mailto:secretaria.xerencia@udc.gal). Neste caso acompañarase dun informe motivado da discrepancia formulada.

O xerente, no uso das súas competencias en materia económica e de contratación administrativa, resolverá o reparo.

## 5. Anotación contable

Os RAAEE, cando estea dispoñible o aplicativo MUS, deberán xerar os documentos que recollan a tramitación realizada para a súa incorporación ao novo sistema contable en 2024.

A Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica levará un rexistro dos expedientes de tramitación anticipada tramitados, co fin de garantir a súa correcta e completa contabilización.

## 6. Disposición final

Esta resolución publicarase no Taboleiro da Sede Electrónica da UDC e entrará en vigor o día da súa publicación.

Asinado electronicamente polo vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica

Código Seguro De Verificación	rph/6LKnOetRVuAuMOGkEg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Economía e Planificación Estratéxica - Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	31/10/2023 10:03:00
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/rph/6LKnOetRVuAuMOGkEg==">https://sede.udc.gal/services/validation/rph/6LKnOetRVuAuMOGkEg==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





**ANEXO**

**MODELO DE DILIXENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE TRAMITACIÓN ANTICIPADA**

Conforme o que dispón o apartado 2º da Instrución de tramitación anticipada de expedientes de gasto, FAGO CONSTAR:

Que todos os trámites efectuados na tramitación anticipada do seguinte expediente de gasto:

CONCEPTO (indíquese o obxecto do expediente)	APLICACIÓN	IMPORTE

están condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da UDC para o exercicio (indíquese o exercicio a que se imputará o gasto) \_\_\_\_\_.

A Coruña/Ferrol, \_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O/a responsable do crédito

---

<b>Código Seguro De Verificación</b>	rph/6LKnOetRVuAuMOGkEg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. de Economía e Planificación Estratéxica - Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	31/10/2023 10:03:00
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	3/3
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/rph/6LKnOetRVuAuMOGkEg==">https://sede.udc.gal/services/validation/rph/6LKnOetRVuAuMOGkEg==</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents\_validation CSV: z8U5HH2HC9NV1CDG0K0262L0  
 Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidad de Coruña. Fecha de creación: 31/10/2023 10:12:44 Página 3 de un total de 3 página(s).